



novas  
en

# branco e negro

Nº 14 - Abril 2003



O periódico  
dos criadores de frisón de Galicia



## INSIGNIA DE OURO DE FEFRIGA

A Xunta Directiva da Federación Frisona Galega acordou, por unanimidade, conceder a insignia de ouro desta Federación ó **Excmo. Sr. D. José Manuel Romay Beccaría** en recoñecemento a súa aportación persoal, e a de todo o seu equipo, á Mellora da Cabana Frisona Galega, como impulsor do *Plan Integral de Mellora Xenética (P.I.M.X.)*.



...A principios de 1991 e tendo en conta a "forte connotación do Sector Lácteo Galego no contexto da Economía Galega", o entón Conselleiro de Agricultura Excmo Sr. D. José Manuel Romay Beccaría, durante a presentación do Plan Integral de Mellora Xenética, dixo textualmente "cando xa acadamos unhas cotas de calidade sanitaria do gando moi superiores as que existían tradicionalmente en Galicia, é o momento de afrontar unha acción decidida e definitiva para progresar no nivel Xenético da nosa Gandería de vacún e que nos permita estar a altura dos países máis avanzados xenéticamente, do mundo"...

É importante lembrar que, cando se fixeron estas declaracións, Galicia contaba cun total de 711 explotacións inscritas no Libro Xenealóxico e Control Leiteiro Oficial, que o número de vacas controladas era de 16.000, e que a súa media de produción era de 5.994 Kg/L ó 3,59%G. (215 Kg/G).

A pesar de que naquel momento moitos técnicos, -e xente do propio sector,- consideraron este proxecto como unha utopía inalcanzable, Consellería e Gandeiros puxémonos ó traballo. Así pois, a data 31 de Decembro de 2002, eran 4.580 as

explotacións que figuraban inscritas no Libro Xenealóxico, cun total de 249.784 femias rexistradas, das que 178.991 eran vacas nais. A media de produción en 2002 (datos provisionais) foi, en 305 días: 7.683 Kg/L ó 3,75%G. (288 Kg/G) e 3,12%P. (239 Kg/P).

En canto a reduci-la dependencia da xenética exterior tamen se está avanzando. Na actualidade, o programa conta con máis de 200 touros (probados e en proceso de avaliación), -algúns deles, xa proceden de femias xurdidas do propio programa,- que son utilizados masivamente en ganderías tanto da nosa comunidade como de fóra dela (425.210 doses vendidas en 2002) e que, pouco a pouco, se van situando en postos destacados do Ranking Nacional; de entre eles merece destacar a SIX, que na avaliación de Xaneiro colocouse como Nº1 dos touros Nacionais, ocupando o Nº4 do catálogo xeral (tours Nacionais e extranxeiros).

Sabemos que queda moito treito por andar, sabemos que quizais as cousas poderíanse ter feito mellor ou de forma diferente, pero tamen sabemos que o tempo quita e da razóns, e a vulgar polos resultados, pensamos, -e dende aquí así o manifestamos,- que aquela idea calificada por algúns como "UTÓPICA e SEN FUTURO" dou, dá, e continuará dando, importantes froitos, por elo xusto é recoñece-lo mérito dun home que co seu equipo, crearon nos gandeiros e posibilidades do sector lácteo de Galicia, apostando decididamente pola súa profesionalización e modernización.

A Él e a todo o Seu Equipo, así como ós distintos Conselleiros e equipos que continuaron, -e continúan,- a Súa labor, queremos transmitirle o noso máis sincero recoñecemento.

**!!! ATENCIÓN !!!**  
Este ano en Semana Verde  
**CONCURSO AUTONÓMICO**  
**CONCURSO INTERNACIONAL**  
**CONCURSO DE PINTURA**  
**XOVES MANEXADORES**  
**+ de 36.000€**  
(+de 6.000.000 Ptas.)  
en Premios

**UNHA VIAXE**  
**CON ACOMPAÑANTE**  
A **PORT AVENTURA**  
para os primeiros clasificados  
de cada categoría dos  
Concursos de Pintura e de  
Xoves Manexadores

**VII SUBHASTA**  
**TOP-BOS**  
SUBHASTARÁNSE  
**15 FEMIAS, 4 MACHOS E**  
**4 LOTES DE EMBRIÓNS**  
DA XENÉTICA MÁIS PUNTEIRA

## DATAS A LEMBRAR

- 5 e 6 de Abril** (Muimenta - Lugo)  
XVI Concurso da Raza Frisona Moexmu '03
- 13 de Abril** (Santa Comba - A Coruña)  
VI Subasta de Novillas Santa Comba 2003
- 23 ó 26 de Abril** (Mollerusa - Lleida)  
Concurso Nacional de Primavera Conafe '03
- 30 de Abril ó 4 de Maio** (Silleda - Pontevedra)  
XXVI Fera Internacional Semana Verde de Galicia  
- XXV Concurso Internacional "Semana Verde"  
- XIV Conc. de Xoves Manexadores "Semana Verde"  
- XII Concurso Autonómico da Raza Frisona Fefriga '03  
- VII Subhastar Top-Bos  
- III Concurso de Pintura Fefriga '03
- 30 de Xullo ó 1 de Agosto**  
XVII Escola de Xuices Gandeiros Fefriga 2003
- 23 ó 26 de Outubro** (Xixón - Asturias)  
XXV Concurso Nacional de Otoño Conafe '03





